

## 4 Xuño: Manifestación en Pontevedra polo peche de ENCE-ELNOSA

Un ano máis a CGT de Pontevedra renova o seu compromiso na defensa do medio ambiente, do traballo e a saúde e pola recuperación da Ría para o benestar dos veciños e veciñas de toda a comarca, participando na Marcha anual 2016 polo Peche do complexo ENCE-Elnosa na marisma de Lourizán. A manifestación sairá este sábado, 4 de xuño, ás 19,30h das Alamedas de Pontevedra e Marín, para confluír ámbalas dúas columnas diante das portas de Celulosa, na beiramar.

No curso da manifestación a CGT de Pontevedra repartirá o seguinte texto:

**?O TRABALLO CREA RIQUEZA. O CAPITALISMO SALVAXE A DESTRÚE. EN DEFENSA DO TRABALLO E O DISFRUTE SOCIAL DA RIQUEZA: ENCE FORA DA RÍA?:**

Un dos feitos máis importantes que diferencian á CGT de outras organizacións é que a CGT é un sindicato ?finalista?, cuxa actividade sindical ten o dobre obxectivo de, por unha banda, mellorar día a día as condicións laborais, económicas e sociais da clase traballadora e, por outra, lograr unha sociedade máis xusta que a actual, na que os bens da natureza e a riqueza colectivamente producida sexan por todos disfrutados, sen privilexios nin desigualdades, para deixar ós nosos fillos un mundo mellor do que herdamos. ?Na CGT os traballadores, sexa cal fora a súa condición particular, unímonos para levar a cabo de xeito cotiá esa loita final. Por isto, na CGT a acción estritamente sindical nas empresas e a acción social e cívica en defensa da natureza, da saúde, da vivenda, da solidariedade social son só dos aspectos dunha mesma loita.

Esta é a razón de que sexa a CGT a única organización sindical que en Pontevedra convoca e participa cada ano, sen ambages, na esixencia do peche de ENCE en Lourizán?A construción do complexo industrial de Celulosas sobre o banco marisqueiro de Lourizán impuxo a perda de innumerables postos de traballo e a destrución da ría. ENCE contamina, atenta permanentemente contra a saúde dos traballadores, as súas familias e veciños de toda a Ría, destrúe delictivamente a riqueza marisqueira e pesqueira, impide o saneamento integral da Ría, empobrece o monte galego e asfixia económica e socialmente unha inmensa área de grandes posibilidades.

A CGT alenta ós traballadores e traballadoras pontevedreses para dicir xuntos que non toleraremos que a Ría ?a casa natural que compartimos cos nosos fillos, veciños e amigos- continúe a ser privatizada e contaminada pola presenza de ENCE.

Na CGT todas as decisións adóptanse na assemblea do sindicato, sen xefes nin burocracias; se declara libertaria e non autoritaria; federalista e non centralista; internacionalista, sen outra patria que a da clase traballadora e cuxo fin último e primeiro non é outro que a transformación da sociedade, para acabar coa inxustiza social, a discriminación económica e a explotación en calquera das súas formas. ?Se compartes con nós estes plantexamentos sindicais e sociais, necesitamos do teu compromiso.

Affiliate á CGT para loitar xuntos, libres e solidariamente, contra este réxime social, político e económico que nos rouba e empobrece. Chama ós teléfonos 628 68 54 45 ou ben 627 791 645 ou ben escribe a [pontevedra@cgtgalicia.org](mailto:pontevedra@cgtgalicia.org)

Comité Local de Pontevedra ? Arousa da CGT, xuño 2016